



PROXECTO  TERRA

Ludantia

I BIENAL INTERNACIONAL DE EDUCACIÓN EN ARQUITECTURA PARA A INFANCIA E A MOXIDADE



CONCELLO DE
PONTEVEDRA



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA



Colexio Oficial de
Arquitectos de Galicia

1. DEFINIÇÃO E TEMA PROPOSTO



1

Ludantia é un punto de encontro que trata de xuntar experiencias relacionadas coa Educación en Arquitectura para nenos e nenas, mozos e mozas no ámbito internacional. Trátase dunha plataforma desde a que compartir, debatir, experimentar e difundir proxectos educativos e de investigación que traballan co espazo (doméstico, social, urbano, rural, natural, humanizado,...) e nos que o neno e a nena, o mozo e a moza son protagonistas.

A celebración dunha Bienal Internacional de educación en arquitectura para a infancia e a mocidade é un dos proxectos xurdidos a raíz do III ENCUESTO INTERNACIONAL DE EDUCACIÓN EN ARQUITECTURA. Dito Encontro foi organizado polo Grupo Playgrounds no Museo Reina Sofía (Madrid) o 16 e 17 de xaneiro de 2016.

Un dos obxectivos das persoas adicadas á educación en arquitectura é lograr incluír á infancia e a mocidade nos procesos de construción do espazo común, acompañandoos nos seus procesos de creación e sendo mediadores para que se escoite a súa opinión e se teñan en conta as súas propostas, coa firme creenza de que con iso acadaranse contornas mellores. Por iso o tema elixido para esta primeira edición é o espazo público baixo o título: **Habitar o espazo común desde o lúdico: do patio escolar á cidade como taboleiro de xogo.**

A Bienal busca ser un evento de apertura social no que intercambiar experiencias en torno á educación en arquitectura e profundar a nivel metodolóxico e de investigación, pero tamén unha vía para amosar o enorme potencial transformador que a infancia/mocidade ten sobre os nosos espazos comúns e facelo coa mellor ferramenta posible: os proxectos educativos. Ludantia, nome abreviado da Bienal, xorde coma un territorio no que aprendemos xogando co/no espazo e desde o que reflexionamos sobre o mellor xeito de construír o mundo. É un evento aberto a centros educativos, arquitectos, profesionais da educación, artistas, organizacións gobernamentais ou municipais, organizacións sen ánimo de lucro e persoas/colectivos independentes de todo o mundo interesados na educación do mundo construído. Se ben ata o de agora houbo proxectos educativos introducidos dentro de Bienais de Arquitectura ou de Arte, este proxecto inverte o sentido de avance sendo a educación o fin en sí mesmo e os procesos arquitectónicos e artísticos o medio de chegar a ela.

A primeira edición da Bienal celebrarase en Pontevedra en abril/maio de 2018. Nos seguintes apartados descríbese polo mais polo miúdo o seu contido e formas de participación.

PORTADA: Plano Chukchi, Siberia, século XIX.

¹ O grupo Playgrounds é un colectivo xurdido nas redes sociais a raíz do I Encuentro de Educación en Arquitectura celebrado no Museo Reina Sofía (Madrid) en maio de 2014. Está formado por artistas, arquitectos, educadores e persoas/colectivos de diferentes países interesados na educación do medio construído.

² Por espazo público enténdense aqueles espazos colectivos ubicados nun medio urbano (rúa, praza, parque, playground), rural, natural, escolar (patio, espazos comúns) ou lugares cedidos temporalmente para o uso colectivo (edificios industriais, solares, etc.)

2. FASES E CALENDARIO



2

Fase 1: outubro 2016–decembro 2017

Propónse a realización de proxectos educativos con nenos e nenas, mozos e mozas (ata 18 anos) sobre o espazo público. Ditos proxectos deben cumprir as bases da presente convocatoria.

Calendario:

- Co obxecto de recibir información e asesoramento sobre este evento recoméndase realizar unha preinscrición a través do correo info@ludantia.org antes do 30 de outubro de 2016.
- Abriranse tres novos períodos de preinscrición en xaneiro, abril e setembro de 2017.
- A entrega dos proxectos educativos terá lugar do 1 ao 15 de decembro de 2017 a través do correo coordinacion@ludantia.org

De setembro a decembro de 2017 abrirase ademais un prazo para presentación de relatorios. Os requisitos que estes deben seguir faranse públicos en setembro de 2017.

Fase 2: xaneiro–marzo 2018

O comité científico:

- Seleccionará algúns dos proxectos presentados para amosalos na exposición que terá lugar en abril/maio de 2018 en Pontevedra. Todos os que cumpran os requisitos esixidos nas bases difundiránse a través da web da Bienal.
- Premiará a tres deles pola súa innovación e calidade e convidará aos seus autores (dous representantes por equipo) a contar ou reproducir a experiencia en Pontevedra.
- Outorgará seis mencions a proxectos destacados
- Elixirá os relatorios a publicar e as que se expoñerán perante o propio evento.

Fase 3: abril–maio 2018

Celebración da Bienal en dous espazos:

1. Virtual. (A través da web da Bienal e redes sociais asociadas).
 - Difundiránse todos os proxectos presentados
 - Publicaríanse os relatorios seleccionados
 - Amosaríanse as conferencias, novas, eventos e outros actos relevantes que teñan lugar en Pontevedra.
2. Na cidade de Pontevedra.
 - Haberá unha exposición ao longo dun mes dos proxectos educativos seleccionados.
 - Outorgaríanse os premios e as mencions.
 - Realizaríanse perante tres días un ciclo de conferencias sobre espazo público e infancia con presenza dos autores dos proxectos premiados, o comité científico e diferentes especialistas no tema.
 - Realizaríanse obradoiros de arquitectura e outras actividades lúdico-educativas, centradas no espazo público, para colexios e familias de Pontevedra e Galicia.

3. COMO PARTICIPAR



3

O tema presentado na primeira Bienal Internacional de Educación en Arquitectura para a infancia e mocidade é:

**Habitar o espazo común desde o lúdico:
do patio escolar á cidade como taboleiro de xogo.**

Os espazos comúns, tanto urbanos como escolares, son un dereito pero tamén unha responsabilidade de todos os que os habitamos. Reflexionar en canto a eles desde a educación, amosar a visión transformadora dos nenos e nenas, dos mozos e mozas e recoller as súas propostas para melloralos é o principal obxectivo deste evento.

Poderase participar na Bienal a través dun proxecto educativo realizado con nenos/mozos (ata 18 anos) ou dun relatorio.

Proxecto educativo

Os proxectos educativos representan a parte práctica da educación en arquitectura. O obxectivo destes proxectos, aplicados ao tema da Bienal, é:

1. Reflexionar de xeito crítico sobre o espazo público (escolar, urbano, rural). A mellor maneira de reflexionar é facendo. Facer é transformar o mundo que habitamos.
2. Transformar ditos espazos. Como ferramenta de transformación proponse o uso de linguaxes artísticas (arquitectura, pintura, escultura, literatura, cine, teatro, danza...) de modo que se consiga:

- Transformación física do espazo. Os nenos fan un proxecto de arquitectura ou un deseño temporal ou permanente. (Exemplo: mellorar o patio do colexio, un deseño efémero para unha praza, crear un horto, etc.)
- Transformación simbólica do espazo. Fortalecen a construción mental do concepto "espazo público". (Exemplo: crean unha obra de teatro, un filme, un conto...)

Os nenos e nenas, mozos e mozas serán os autores en exclusiva das obras e proxectos. Os artistas e o profesorado axudarán aos nenos a expresarse por medio das técnicas da arte. Invítase a participar a aquelas persoas/organizacións/colectivos que estean traballando neste tema ou queiran empezar a facelo mediante a presentación dun proxecto conforme as seguintes bases. Os proxectos deberán desenvolverse nalgún período comprendido entre setembro de 2016 e decembro de 2017. Para inscribirse abondará con cubrir un formulario que se solicitará a través do email info@ludantia.org. O primeiro prazo de inscrición rematará o 30 de outubro de 2016.

Comunicacións

O seu obxectivo é recoller a parte teórica de educación en arquitectura. Os requisitos que deben seguir faranse públicos en setembro de 2017.

4. BASES DE PARTICIPACIÓN DOS PROXECTOS EDUCATIVOS

a. Quen pode participar

Esta convocatoria está aberta a centros educativos, arquitectos, profesionais da educación, artistas, organizacións gobernamentais ou municipais, entidades e organizacións sen ánimo de lucro e persoas/colectivos independentes de todo o mundo interesados na educación do medio construído.

b. Calendario

- Ata o 30 de outubro de 2016. Preinscrición a través do correo info@ludantia.org enchendo o seguinte formulario. A inscrición permitirá aos participantes recibir información, asesoramento e todas as novas da Bienal.
- 2017. Abriranse tres novos prazos de preinscrición en xaneiro, abril e setembro.
- A entrega dos proxectos educativos terá lugar do 1 ao 15 de decembro de 2017 a través do correo coordinacion@ludantia.org. Para a entrega do proxecto non é necesario ter realizado preinscrición previa.

c. Obxectivos dos proxectos educativos

1. Ser unha reflexión/investigación sobre o espazo común e a aprendizaxe e o goce que nel ten lugar.
2. Utilizar ferramentas educativas que se sustenten en linguaxes artísticas e que conclúan na creación dunha obra. Calquera disciplina da arte (arquitectura, paisaxe, deseño, obra de teatro, danza, fotografía) servirá para reflexionar sobre o espazo público e melloralo.
3. Acompañar aos nenos e nenas (0-18 años) no seu proceso de conformación dos conceptos espaciais e arquitectónicos e, simultaneamente, recoller as súas visións.
4. Entender o proceso de educación, o proceso creativo. Este constará de tres fases: investigación (tempo para a deriva e probas), formulación (decidir o camiño e forma a realizar), execución física da obra.

Proceso de creación
Proceso educativo



5. Incorporar unha avaliación cualitativa final do traballo realizado e unha reflexión/mellora acerca do espazo estudado.
6. Colaborar preferiblemente durante o seu desenvolvemento con profesores/pedagogos.
7. Documentar todo o proceso a través de fotos, vídeos e textos.

d. Modalidades de participación

Traballarase con nenos e nenas, mozos e mozas de 0 a 18 anos. Os grupos de traballo poden incluír diferentes idades ou ser homoxéneos.

Intervirase en espazos públicos do centro escolar, da cidade ou dunha zona rural.

- 1- Accións (2-5 sesións/ 5-10 horas)
 - Incidirán nun espazo concreto sobre un aspecto determinado, quedando claramente definidos o obxectivo e a acción artística.
 - Realizaranas os nenos e nenas, mozos e mozas coa axuda de artistas/arquitectos en colaboración (preferiblemente) con profesores/pedagogos. Tamén poden ser os artistas/arquitectos os únicos mediadores ante os nenos.

2- Proxectos en centros educativos (sexa escola infantil/ colexio/instituto) en horario escolar de 20-40 horas.

- Profesor + artista/arquitecto en residencia: desenvolveranse seguindo o modelo de artista/arquitecto en residencia participando activamente co profesor/ comunidade educativa nun proxecto de mellora. Os mediadores son os profesores e artistas traballando xuntos..

- Profesor + artista/asesor: proxectos onde o profesor é o mediador, previamente asesorado polos especialistas das disciplinas artísticas. Ditos especialistas poden crear materiais educativos específicos. Desde o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG) tentaremos aportar as colaboracións externas desde o mundo das artes e a arquitectura.


- Profesor: proxectos onde non interveñen especialistas da arte e arquitectura externos ao colexio. Os profesores idean, preparan, executan e documentan todo o proceso.

3- Proxectos que non son en horario escolar, sexan en centro educativo ou sen relación algunha co centro educativo. De 20-40 horas.

- Organización educación arte + colexio: unha organización externa xunto a alguén do colexio, por exemplo o grupo de pais dun colexio, idean e realizan o proxecto. Os mediadores serán os especialistas en arte de tal organización coa posible colaboración dos pais. Poderían sumarse ao proxecto outras organizacións da comunidade.

- Organización educación arte + organización comunidade: a organización de especialistas en educación da arte e arquitectura para nenos súmase a organizacións da comunidade para idear e realizar o proxecto..

- Organización educación arte: a organización en especialistas en educación da arte e arquitectura para nenos idea e realiza o proxecto. Eles son os únicos mediadores ante os nenos.



e. Documentación dos proxectos a presentar

Do un ao 15 de decembro de 2017 enviarase ao correo coordinacion@ludantia.org toda a documentación que a continuación se describe. Esta deberá estar escrita nalgún dos tres idiomas oficiais da Bienal (galego, castelán ou inglés).

a. Ficha técnica.

Consistirá en encher un formulario impreso do que os participantes poderán dispor desde o 1 de decembro de 2017. Nel especificarase o nome do colexio/equipo que realizou a actividade, cidade e país de orixe, o título da actividade realizada, o tipo de espazo público modificado, a modalidade (segundo horas) do proxecto, a idade e número de nenos participantes, data na que tivo lugar a actividade (indicando inicio e remate), técnica artística utilizada e orzamento.

b. Documental.

Os proxectos documentaranse de dous xeitos:

1. Documentación descriptiva. Consistirá en:

- Un texto de 1600 palabras de extensión máxima (aproximadamente un folio escrito por diante e por detrás):

- Debe incluír o título do proxecto e o país de orixe
- Debe describir os obxectivos (que problema se presentou ou se quixo resolver), a metodoloxía utilizada e a técnica artística empregada.
- Debe explicar claramente o proceso e a obra executada
- O texto debe reflectir na súa lectura os tres momentos do proceso de creación: investigación, formulación e realización.

- Seis fotografías das distintas fases do proxecto cunha resolución mínima de 300 ppp :

- Deben documentar o proceso de investigación, formulación e realización.
- Dúas delas serán imaxes representativas da obra rematada.

2. Documentación audiovisual. Consistirá en:

- Un vídeo de 1 minuto mínimo e tres minutos máximo.
- Realizado polos propios nenos/mozos. Estes contarán coa axuda dun adulto se fose preciso.
- O vídeo é unha carta que os seus autores, os nenos ou mozos, envían ao mundo.
- O filme consta de:
 - Imaxe: plano-secuencia en movemento
 - Son: É o contido da carta. Pódense incorporar efectos sonoros.
 - Edición: únese ao plano secuencia sen cortes nin créditos ao son gravado.
- Os autores falarán o idioma do seu país de orixe
- O filme irá acompañado dun documento de Word coa transcripción dos diálogos ao galego, castelan ou ao inglés.
- O vídeo entregarase en formato comprimido xunto coa transcripción dos diálogos.

f. Criterios de selección de proxectos. Premios e mencions.

Todos os proxectos realizados que cumpran as condicións das bases da convocatoria serán amosados na web de Ludantia.

O comité científico da I Bienal

- Fará a selección de proxectos para a mostra en Pontevedra en abril/maio 2018 (o número de proxectos seleccionados variará en función dos proxectos presentados).
- Escollerá nove proxectos entre os que saíran seis mencións honoríficas e tres premiados

Os criterios que seguirá o comité científico para a súa selección serán:

- Que se realizasen entre outubro 2016 e decembro 2017.
- Que cumpran a temática proposta.
- Que cumpran o proceso creativo-educativo presentado nas bases.
- A orixinalidade do proxecto.
- A calidade da documentación presentada.
- A facilidade de transferencia do proxecto a outros ámbitos.

As seis mencións honoríficas divídense en:

- Dúas para Accións: 2-5 sesións/5-10 horas.
- Dúas para proxectos en centros escolares (sexa escola infantil/centro educativo/instituto) en horario escolar. De 20-40 horas.
- Dúas para proxectos que non son en horario escolar, sexa en centro educativo ou sen relación algunha con centro educativo. De 20-40 horas.

Os tres premiados:

- Serán elixidos polo comité científico, sen importar a que modalidade pertencen..
- Dous membros de cada un dos equipos gañadores serán convidados a contar/reproducir a súa experiencia en Pontevedra en abril-maio de 2018, onde se celebrará a entrega de premios. A organización pagaralles viaxe, retribucións, estadia e lles fará entrega dunha dotación económica aínda por determinar.
- Condición para aceptar o premio: a autoría do proxecto quedará aberta en copyleft para a súa reprodución en calquera parte do mundo.



5

5. EQUIPO ORGANIZADOR E COMITÉ CIENTÍFICO

Organización

Dirección executiva: Xose Manuel Rosales
direccion.ejecutiva@ludantia.org

Dirección artística: Jorge Raedó
direccion.artistica@ludantia.org

Coordinación: Virginia Navarro
info@ludantia.org

Comité científico

Santiago Atrio (Vice-decano da Facultade de Educación da Universidade Autónoma de Madrid, España)

Angela Million Uttke (Asociación JAS e profesora da Universidade Técnica de Berlín, Alemania)

Marta Morelli (Departamento de educación do MAXXI de Roma, Italia)

Jaana Räsänen (Centro de Información de Arquitectura de Finlandia, Helsinki)

Pablo Rojas (Xefe do departamento de Educación e Formación en Artes e Cultura do Consello Nacional da Cultura e as Artes do Goberno de Chile)

Asesores

Documentación audiovisual:
Pablo Arellano. (Cineasta e programador do Festival de Cine de Fortaleza, Brasil)

Formación do profesorado e artistas:
Javier Abad. (Artista e profesor da Universidade La Salle de Madrid)

María Victoria Martínez. (Doutora en socioloxía e profesora do Centro Asociado UNED A Coruña)

Diseño expo-activa:
Carlos Arruti y Anabel Varona. (Maushaus Arquitectura)

Colaboradores

Grupo Playgrounds, Amag! Revista de Arquitectura para niños, Proxectoterra, Osa menor, Cuartocreciente, Arquitectura Minúscula, Maushaus, Javier Encinas, Elisa Carrasquilla

Organización e patrocinio

Organizada polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.
Patrocinada polo Concello de Pontevedra e a Deputación de Pontevedra.



1, 2, 3, 4, 5 y 6: talleres de arquitectura y arte para niños